



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS-TRACTORISTA PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020

Sendo as 9:00 horas do día 20 de setembro de 2021, en sesión celebrada no salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, consonte coa previsión contida na Base 5ª, apartado 6, das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021), reúnense os membros do Tribunal de selección consonte coa composición determinada na Resolución de Alcaldía núm. 915/2021, do 3 de agosto (BOP núm. 148 do 06.08.2021) e convocados pola mesma, que a continuación se relacionan:

Presidenta: Laura Gutierrez Ortíz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Vogais:

María Dolores Pita da Veiga (funcionaria de carreira do Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación Provincial da Coruña)

Antonio Fernández Fernández (persoal laboral fixo da Xunta de Galicia)

Secretaria: Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Existindo quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe, queda constituído válidamente o Tribunal de selección.

Polo Tribunal procederase a aplicar o baremo de méritos da fase de concurso do proceso selectivo regulado na base 8ª das bases específicas (BOP núm. 49 do 15.03.2021) do seguinte xeito:

“Fase do concurso:

Será previa á de oposición, non eliminatória, e non poderá terse en conta para superar a fase de oposición.

Baremo de méritos: para valorar a fase de concurso terase en conta o seguinte baremo:

A.1.–Experiencia profesional ou servizos prestados, ata un máximo de 5 puntos.

Por servizos prestados en calquera Administración o una empresa privada como operario de servizos varios-tractorista: 0,15 puntos por mes, ata un máximo de 5 puntos.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida pola Secretaría do Concello ou Entidade Pública onde se teñan prestado os servizos; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo, e só se avaliarán

os servizos prestados nos últimos dez anos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

A non presentación de ambos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado.

A.2 Cursos de formación: cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver (mecánica, electricidade, normas de circulación, sinalización de obras en vía pública, desbroces, técnico de mantemento etc...), impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas:

- De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.
- De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
- De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, valoraranse con 0,05 puntos por curso.

A puntuación máxima que se poderá acadar no apartado A.2 será de 1 punto.

A acreditación da realización dos cursos farase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

A.3: Permisos de conducir: máximo 2 puntos

Por estar en posesión de permiso de conducir de clase B +.E e/ou C-1: 1 punto

Por estar en posesión de permiso de conducir de clase C: 2 puntos.

Acreditarase mediante copia do permiso en vigor. No caso de estar en posesión de máis de un tipo de permiso so se valorará o de maior puntuación.

Antes da fase de oposición serán publicadas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello as puntuacións asignadas ós/ás aspirantes polos méritos acreditados, igualmente e aos efectos da súa difusión publicaranse no taboleiro electrónico de edictos do Concello (<https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/informacion/>)


A puntuación máxima nesta fase é de 8 puntos.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para supera-los exercicios da fase de oposición."

Fíxanse por unanimidade do Tribunal, como criterios de baremación dos méritos a avaliar os seguintes:

- A experiencia profesional puntuarase só a relacionada co posto de traballo: operario de servizos conductor de tractor.
- Os cursos de formación avaliaranse só os relacionados co específico posto de traballo; non se avaliarán nin os cursos xenéricos, nin os específicos doutras áreas de traballo.

O resultado da baremación é o seguinte:





CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Nº	Apelidos e Nome	Experiencia (ata 5)	Cursos (ata 1)	Permiso de conducir (ata 2 puntos)	Total
1	BALBIS BABIO, ANTONIO	5	0,40	2	7,40
2	BALBIS BABÍO, MIGUEL	0	0,50	2	2,50
3	BARJA VAL, JUAN	0	1	2	3
4	FERNÁNDEZ OTERO, JORGE	0	0	0	2
5	GARCÍA ALVARELLOS, CARLOS	0	0	2	2
6	GAYOSO PONTE, PABLO	0	0	0	0
7	LÓPEZ BARRO, FRANCISCO	0	0	0	0
8	PÉREZ BARREIRO, RUBÉN	0	0,60	0	0,60
9	PERMUY RIO, DAVID	0,15	0	2	2,15
10	REBOIRO PONTÓN, CARLOS	0	0	0	0
11	SÁNCHEZ MOSQUERA, JUAN CARLOS	0	0	0	0
12	SÁNCHEZ SÁNCHEZ, IVÁN	0	0	0	0
13	VÁZQUEZ ÍNSUA, JOSÉ ANTONIO	5	0,10	0	5,10

Nalgún casos no se avaliou o permiso de conducción por non estar en vigor o documento aportado, como existen as bases da convocatoria específica, agás nun suposto que achegou permiso provisional en vigor.

Finalizada a baremación, o Tribunal, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro. Publicar a puntuación obtida na fase de concurso no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica e na páxina web municipal, outorgando un prazo de tres días hábiles, contados dende o seguinte á devandita publicación para que os interesados presenten as alegacións que estimen oportunas.

Segundo. Recordar aos aspirantes que a data de celebración do primeiro exercicio da oposición é o **mércoles 29 de setembro de 2021, ás 9:30 horas, no Edificio da Casa da Xuventude do Concello de Bergondo.**

Os aspirantes deberán presentarse co **documento nacional de identidade para os efectos da súa identificación e cumprir as normas determinadas no punto quinto da Resolución 915/2021, publicada no BOP núm. 148 do 6 de agosto de 2021.**

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina por tódolos integrantes do Tribunal. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os/as Vogais

A secretaria